

## EDITORIAL

### EN DEFENSA DA TERRA

A manifestación do 7 de xuño contou cunha numerosa presenza e apoio, tanto de membros de colectivos afectados por algún problema ambiental urxente como de persoas concienciadas polo problema xeral de degradación ambiental no noso país e a nivel planetario. Partiamos con certo ceticismo, especialmente por parte dalgunhas das entidades convocantes, que ollavan como a pasividade social se traducía nun reducido apoio cidadá ás diversas manifestacións reivindicativas desta primavera. A pesar diso, a valoración final foi unanimemente positiva, respirando-se ademais un ambiente distendido, positivo e de confianza.

Pero caben, sen dúbida, outras valoracións. Aparte da presenza dun pequeno número de representantes das entidades convocantes, o groso da manifestación estaba formado ben polos grupos e colectivos de afectados, ou ben por xente concienciada dos problemas ambientais a nivel xeral. A resposta dos primeiros veu-se claramente reducida en relación ás propias expectativas, ben polo carácter xeral da convocatória, ben polas propias dinámicas que priorizan as manifestacións e outras actuacións de carácter local. En último caso, pola desvertebración e sectorialización de todos e cada un destes problemas ambientais, onde son diversas as administracións ou as empresas directamente implicadas, feito que mesmo ás veces lle permite aparecer, contradictoriamente, como posíveis aliadas para unha solución *viável*. En tal sentido, choca a baixa participación de determinados colectivos, mesmo a súa ausencia total.

Falla quizá a percepción de que se esté dando un claro agravamento dos problemas ambientais no noso país, tal como dicía o manifesto da convocatória. Seguimos arrastando problemas de vello: o controle e funcionamento dos encoros, a chuvia ácida, a contaminación por celulosas, os solos contaminados por empresas que en varios casos xa desapareceron do lugar, a eucaliptización absoluta de toda a franxa costeira... problemas dos que se está preparando neste últimos anos do século a segunda grande edición: mais encoros, mais instalacións gravemente contaminantes (SOGAMA), mais infraestructuras eléctricas sen o menor cuidado ambiental (o caso de muitas minicentrales e parques eólicos), mais eucaliptos amiazando agora a invasión do interior do país (Lugo, Ancares...), mais inxustizas e falta de vontade ou preocupación ambiental: empacadora de Vilaboa e outras, liñas de alta tensión en Merza, minas de Touro....

E choca tamén a inercia dalgunhas organizacións á hora de apoiar con mais decisión unha campaña deste tipo, quizá porque non comparten o diagnóstico do agravamento ambiental, quizá por que desconfiaban mais do razoável do apoio cidadá, ou quizá por que o seu non é mobilizar á poboación. Dito o anterior, e percatando-nos precisamente do apoio incondicional dun importante número de persoas, resulta necesaria sen dúbida unha reflexión mais pausada por parte de todos/as sobre o interese de campañas deste tipo.

Remataremos cunha simple alusión ás perspectivas de futuro, nun momento no que a Consellería de Meio Ambiente á que demos a benvida no número anterior xa comeza a mostrar con claridade até onde pensa chegar. Como se afirmava no manifesto: *Ningunha política de prevención pode xurdir de estratexias que non recoñezan o grave impacto dos encoros, a forte contaminación xerada na incineración do lixo, o problema da chuvia ácida na Galiza, ou o carácter insustentábel do actual modelo de transporte, por citar algúns dos problemas mais graves, ou de políticas que parten de considerar o meio ambiente como un simple valor de troco, no que o eucalipto é só unha especie cultivábel sen outras connotacións, e un eucaliptal ten o mesmo valor estratéxico que unha finca de labradio á hora de alimentar unha poboación, ou que unha carballeira para sustentar a biodiversidade.*

**Corrección de erros:** no artigo adicado á nosa fauna, nas páxinas 44-45 do n1 23, referido ao falcón pequeno, puxo-se incorrectamente unha ilustración dun falcón doutra especie (falcón común)



REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

Tel. e Fax. (981) 57 00 99

Rúa de Touro, 21 2º  
15704 Santiago de Compostela

#### CONSELLO DE REDACCIÓN:

Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Antón Fortuna, Emilio Ínsua,  
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Xuño - 1998.

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 % para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA  
"Río Ulla"  
Xan G. Muras

DESEÑO E MAQUETACIÓN  
Xan G. Muras

IMPRESIÓN  
Litonor

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA  
Pepe Salvadores

FOTOCOMPOSICIÓN  
Punto Cardinal

Depósito Legal: C-913-1986  
ISSN: 1136-2677